

BRASSICA RAPA

Brassica Rapa

MÚSICA DE RÚA

Artista/banda

Brassica Rapa é un grupo de música popular nacido a finais do 2017 buscando darlle unha volta ao concepto de charanga. Formado íntegramente por rapazas, tocando instrumentos de vento metal e percusión crean unha atmosfera alegre coa súa música, de repertorio coñecido e fresco, coa que a festa está asegurada. Dúas trompetas, dous trombóns, un saxoalto, unha tuba, unha caixa e un bombo compoñen o seu persoal, que pretende reivindicar a presenza da muller neste tipo de agrupacións a través da troula.

O espectáculo

Brassica Rapa ofrecen un espectáculo moi variado que mestura música instrumental e vogal coa multipercusión. O seu repertorio vai de grandes éxitos do pop á música tradicional galega, pasando por temas máis jazz, música actual reivindicativa ou bandas sonoras de películas. Buscan sobre todo influencias das "brass band" neiorquinas, pero tamén das "big bands" ou das charangas tradicionais. As compoñentes veñen de distintos percorridos dentro do mundo da música, e de agrupacións coma Liska!, Banda Xangai, Timparrantela ou Biribirlocke.



FICHA ARTÍSTICA

Andrea Pérez: saxofón
Catuxa Rodríguez: trompeta
María Balteira: trompeta
Paula López: trombón
Xiana Naval: trombón
Raquel Huete: tuba
Julia Sanchez-Biezma: caixa
Ainara Díaz: bombo
Duración: 75 minutos
Público: todos os públicos

